

A COMA

A coma indica unha **pausa breve** cando lemos.

Cando escribimos serve para:



- Separar palabras dunha enumeración, lista...Ao final da enumeración, en lugar da coma, ponse u "e"

Hoxe merquei amorodos, plátanos, laranxas e cereixas.

- Diante de palabras como pero, mais, porque, pois...

Teño moito sono, pero quero quedarme mais tempo na festa.

- Cando nos diriximos directamente a unha persoa.

Helena, ven pola merenda axiña.



Completa coas comas necesarias nas seguintes oracións.

Na mochila levo libros cadernos pinturas e a merenda.

Puxéronse moi tristes pois xa non volverán a velas.

O can o gato e o coello dormen na casiña.

Mamá grazas por axudarme.

Nesa tenda hai margaridas rosas xeránios e tulipáns.

Xoán ven que imos xogar.

Temos que coidar os nosos montes porque son de todos.

Na horta hai tomates pementos cabaciñas e leitugas.

Quero quedar na casa porque estou un pouco canso.

Para a excursión precisamos gorra crema solar e bocadillo.

Profe axúdame porfavor que non entendo este exercicio.



No seguinte texto escribe as comas necesarias.

O sábado fun de excursión coa clase levamos bocadillos auga froita e galletas. No parque xogamos ao fútbol ao pilla pilla ás carreiras e tamén fixemos debuxos. Estaba moi divertido pero facía moita calor. Entón a mestra Carmen díxonos que buscásenos unha sombra para descansar.



Escolle a oración correcta.

☐

Na mesa hai libros, lapis, cadernos e unha regra.

☐

Na mesa hai libros, lapis cadernos e unha regra.

☐

Quero comer mazás mais non hai ningunha.

☐

Quero comer mazás, mais non hai ningunha.

☐

Marcos, vai mercar o pan.

☐

Marcos vai mercar o pan



Pensa e escribe tres oracións onde uses comas.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

© PUNTO

O punto indica unha **pausa máis longa** cando lemos.

Cando escribimos temos tres tipos de puntos:



- O punto e seguido serve para separa dúas oracións.
- O punto e a parte serve para separar para separar parágrafos.
- O punto e final poñémolo para terminar un escrito, sexa unha oración ou texto.

LEMBRA!
DESPOIS DE PUNTO SEMPRE
SE ESCRIBE MAIÚSCULA.



1 Completa cos puntos necesarios o seguinte texto.

O venres pola tarde fomos todos ao ximnasio da escola Alí había xogos diferentes para participar Primeiro, fixemos carreiras de sacos, logo tiramos da corda e despois xogamos ao tres en raia xigante Estabámolo pasando moi ben A música soaba e todos ríamos

Cando remataron os xogos entregaron medallas e diplomas Cada grupo subiu ao escenario e sacamos fotos

Foi un día moi especial quedamos todos con ganas de repetir



2 No seguinte texto escribe as comas e puntos necesarios.

O sábado pola mañá fomos á praia levamos toallas crema de sol gorros e balóns Primeiro xogamos ao volei corremos pola area e collemos cunchas Despois comemos bocadillos froita e galletas e descansamos baixo as sombrillas

Cando rematou a comida fomos a nadar ao mar e construímos castelos de area

Ao final da tarde recollimos todo e volvemos para casa moi cansos pero felices

PUNTO E COMA

O punto e coma indica unha pausa máis grande ca come pero menor ca o punto.

A min non me gustan as natillas; sen embargo as que fai miña boa están deliciosas.



Escribe punto e coma onde sexa necesario.

Teño moitas ganas de ir de viaxe aínda que non irei este ano.

Estudei matemáticas durante dúas horas e resolvín todos os exercicios agora vou descansar e ler un conto antes de durmir.

Compramos laranxas, mazás e plátanos tamén levamos pan e leite para a merenda da escola.

Fomos á praia a xogar na area e facer castelos despois fomos ao parque coa bici e xogamos ás escondidas.



Puntúa o seguinte texto. Recorda poñer comas, puntos e punto e coma.

Onte pola mañá fun ao mercado comprar froitas verduras e pan A miña amiga acompañoume levaba unha cesta grande e un sombreiro azul

Primeiro fomos á sección de froitas eliximos laranxas mazás e plátanos

Despois pasamos polas verduras levamos tomates cenorias e leitugas frescas

Cando saímos do mercado empezou a chover con forza tivemos que correr ata casa Aínda que chegamos mollados estabamos felices por ter comprado todo o que necesitabamos

Agora vou lavar as froitas e preparar a merenda do xantar de mañá

DOUS PUNTOS

Os dous puntos utilízanse para introducir listas, citar algo que dixo alguén ou dar unha explicación.

A profe pediunos: cadernos, lápices, goma e tesoiras.

Uxía dixo: Ven con nós esta tarde, iremos xogar ao baloncesto!

Ese xoguete non sirve: rompeulle unha peza,



Escribe dous puntos onde sexa necesario.

A profe dixo “Quero que fagades boa letra”

Á festa viñeron Lois, Helena, Sara, Breixo e Antón.

Para esta receita necesito fariña, azucre, leite e ovos.

Ao final conseguiu o que quería mercáronlle un balón.

Hoxe na clase traballamos varios temas matemáticas, lectura e ciencias.

Aviso importante mañá non haberá clase pola chuva intensa.



Escolle a oración correcta.



Tivemos que mercar lapices, cadernos, regra e gomas.



Tivemos que mercar: lapices, cadernos, regra e gomas.



Papá berrou Vide comer xa!



Papá berrou: Vide comer xa!



O rapaz ría moito, estaba contento.



O rapaz ría moito: estaba contento.

PUNTOS SUSPENSIVOS

Os puntos suspensivos indican unha pausa prolongada, unha interrupción ou para indicar que unha enumeración sigue.



*Estábame a contar un segredo... pero de súpeto chegou mamá.
Teño que mercar: bolígrafos, lápices, gomas, cadernos...*



Escribe puntos suspensivos onde sexa necesario.

Estaba a contarche a historia do meu gato pero alguén chamou pola ventá

Non sei que facer agora estou confundido

Á praia necesito levar: toalla, crema solar, gorra

Quería dicirlle a verdade sobre o xogo pero o teléfono empezou a soar

O conto estaba moi interesante e ao final



Escolle a oración correcta.

Estaba pensando en dicirlle a verdade pero

☐ . ☐ ... ☐ ,

Gústame moito a sopa de polo

☐ . ☐ ... ☐ ,

Teño que ir visitar aos meus avós pero irei máis tarde.

☐ . ☐ ... ☐ ,

Fomos á tenda a mercar pan leite e froitas.

☐ . ☐ ... ☐ ,

PARÉNTESSES

Os parénteses úsanse para indicar información adicional ou secundaria.

A excursión (da escola de música) será o venres.

()



Escribe os parénteses onde corresponda.

A miña mascota un can é un labrador moi xoguetón.

O meu libro favorito A galiña azul é de aventuras e misterios.

No xantar comemos froitas laranxas, mazás e plátanos.

A miña tía visitounos onte era a súa primeira viaxe desde a pandemia.

A profesora explicou o exercicio era algo complicado para algúns alumnos



Completa as oracións engadindo parénteses onde se indica.

Onte fixemos un debuxo _____
moi colorido e creativo.

Gustaríame visitar unha cidade _____
cun castelo antigo e misterioso.

O meu libro favorito _____
está na biblioteca do cole.

SIGNO DE INTERROGACIÓN

O signo de interrogación indica cando se fai unha **pregunta**.

En galego só se escribe ao final.

Despois do signo de interrogación non se pon punto.

Queres vir ao parque comigo?



Escribe o signo de interrogación cando sexa necesario.

Hai unha hora que chegou o tren

Quen vive aí

Queres vir ao cine con nós mañá pola tarde

Chegamos onte pola noite

Queres xogar comigo ao escondite no ximnasio



Escribe unha pregunta para cada resposta.

..... A película empezou ás sete da tarde.

..... Chámose Lois.

..... Viaxaremos a Galicia no verán.

..... O gato durme debaixo da cama.

..... Gustaríame comer xeados de chocolate.

..... O noso equipo gañou o partido de fútbol.

SIGNO DE EXCLAMACIÓN

O signo de interrogación indica sorpresa, admiración, dor, medo...

En galego só se escribe ao final.

Despois do signo de exclamación non se pon punto.

Que estoxo tan bonito!

Que calor!



1 Escribe o signo de interrogación ou exclamación segundo conveña.

Estou tan feliz de verte

Que queres de sobremesa

Que levas nesa bolsa

Canto me doe o pé

Cantos anos tes

Que cuarto máis oscuro



2 Escolle a oración correcta.

☐

Que sorpresa verte aquí!

☐

Que sorpresa verte aquí?

☐

Que frío teño!

☐

Que frío teño?

☐

A que hora empezou a peli!

☐

A que hora empezou a peli?



REPASO




Puntúa o seguinte texto.

Onte pola mañá fun ao mercado con a miña amiga Ana levaba unha cesta grande e un sombreiro azul Queríamos mercar varias cousas froitas verduras pan e tamén algún doce

Primeiro fomos á sección de froitas eliximos laranxas mazás plátanos e uvas Despois pasamos polas verduras levamos tomates cenorias e leitugas frescas Mentres camiñabamos polo corredor de pan decidimos levar tamén unha barra de trigo e un paquete de bolos Estaba tan emocionado que comecei a falar sen parar Ana riu e díxome Canto pensan as bolsas Cando saímos do mercado empezou a chover con forza Tivemos que correr ata casa Onte foi un día moi divertido aínda que chegamos mollados Gustaríame repetir a excursión pronto Ah e case se me esquece a nosa mascota o gato Peluso tamén quería vir con nós pero tivo que quedar na casa

Estou seguro que a seguinte vez no mercado o pasaremos igual de ben...



@amaxiadeaprender

REPASO



Puntúa o seguinte texto.

Onte pola mañá fun ao mercado con a miña amiga Ana; levaba unha cesta grande e un sombreiro azul.

Queríamos mercar varias cousas: froitas, verduras, pan e tamén algún doce. Primeiro fomos á sección de froitas; eliximos laranxas, mazás, plátanos e uvas. Despois pasamos polas verduras; levamos tomates, cenorias e leitugas frescas.

Mentres camiñabamos polo corredor de pan, decidimos levar tamén unha barra de trigo e un paquete de bolos.

Estaba tan emocionado que comecei a falar sen parar. Ana riu e díxome: Canto pensan as bolsas! Cando saímos do mercado empezou a chover con forza! Tivemos que correr ata casa...

Onte foi un día moi divertido, aínda que chegamos mollados. Gustaríame repetir a excursión pronto. Ah! E case se me esquece: a nosa mascota (o gato Peluso) tamén quería vir con nós, pero tivo que quedar na casa.

Estou seguro que a seguinte vez no mercado o pasaremos igual de ben...